



Concello de Vilaboa

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VILABOA E A ANPA DO TOURAL, PARA O FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR NO CPI DO TOURAL.

REUNIDOS:

Dunha parte, LETICIA CRESPO LÓPEZ con DNI nº [REDACTED] como Presidenta da Asociación ANPA DO TOURAL" (C.I.F.: G36578722), en diante a Asociación; entidade que xestiona o funcionamento do COMEDOR ESCOLAR no centro educativo **CPI DO TOURAL**.

E doutra parte, CÉSAR POZA GONZÁLEZ, alcalde do Concello de Vilaboa, en nome e representación do mesmo.

Asiste Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor, secretario da Corporación, que dá fe do acto.

Ámbalas partes interveñen nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para a formalización do presente convenio, e a tal efecto:

1.- O Concello de Vilaboa, ao amparo do establecido no art. 25.1 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, pode promover toda clase de actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Ademais o art. 23 do Regulamento de servizos das corporacións locais, sinala que as entidades locais poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares, cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan os atribuídos á competencia local.

2.- O Concello de Vilaboa mediante este convenio de colaboración coa Asociación busca acadar os seguintes obxectivos:

Concello de Vilaboa



Concello de Vilaboa

1. Incidir directamente na alimentación diaria dos nenos e das nenas, posto que o seu aspecto nutricional, ten unha gran influencia no rendemento escolar.

2. O **COMEDOR ESCOLAR** tamén ten un importante labor social que se reflicte en determinadas situacións de vital importancia, posto que mitiga os efectos da mala nutrición infantil.

3. Co funcionamento deste comedor os nenos e as nenas acceden a unha alimentación equilibrada e rica nos nutrientes básicos para o funcionamento do seu organismo.

4. Axuda á organización familiar, especialmente en casos en que tanto a nai como o pai teñen xornadas de tempo completo e non poden atender os seus fillos e fillas durante o horario escolar.

5. Fomenta a educación para a convivencia e o respecto, valores básicos para o bo funcionamento da sociedade. Canto antes transmitamos estes valores aos nenos e nenas, maior conciencia terán da súa contorna e dos problemas e necesidades dos seus semellantes.

3.- A Asociación ven sendo a encargada da xestión e funcionamento do COMEDOR ESCOLAR no CPI do TOURAL nos últimos anos, dun xeito totalmente satisfactorio para toda a comunidade educativa, que leva a cabo en exclusiva, o que imposibilita a concorrencia con outras entidades.

4.- Unha vez incluído neste orzamento o outorgamento da achega directa á referida asociación, a xustificación posterior recollerá, para o abono do importe económico, todas as prescricións sinaladas encamiñadas ao debido control e aplicación dos fondos públicos.

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Email: info@vilaboa.org



Concello de Vilaboa

Considerando o sinalado no artigo 72 da Lei 7/85 citada, que determina que as corporacións locais favorecerán o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilitándolles a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades.

Considerando o sinalado no artigo 111 do RDL 781/86 do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, polo que as entidades locais poderán concertar os pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios da boa administración.

As partes acordan asinar o presente convenio de acordo coas seguintes ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA. OBXECTO

Este convenio ten por obxecto regular a colaboración do Concello de Vilaboa e a Asociación para o fomento e sostemento do funcionamento do COMEDOR ESCOLAR no **CPI DO TOURAL**, e establecer as condicións reguladoras da subvención directa que outorga o Concello de Vilaboa á Asociación, para facilitar o seu funcionamento.

ACTIVIDADE SUBVENCIONADA E PERÍODO DE REALIZACIÓN

As actuacións da Asociación segundo o convenio, consistirán única e exclusivamente na organización e funcionamento do COMEDOR ESCOLAR no **CPI DO TOURAL**.

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Email: info@vilaboa.org



Concello de Vilaboa

A subvención outórgase de conformidade coas disposicións da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, Real Decreto 887/2006, Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

SEGUNDA. IMPORTE DA SUBVENCIÓN

O Concello de Vilaboa, comprométese a aportar a seguinte achega económica:

Exercicio	Aplicación orzamentaria	Importe
2025	RC nº asento 4280 partida 326.48000	4.000,00 €

A subvención outorgada polo Concello é compatible con outras axudas, ingresos ou recursos públicos ou privados para a mesma finalidade, Neste caso na xustificación da subvención deberá acreditarse o importe, procedencia e aplicacións dos fondos percibidos para a actividade subvencionada.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

TERCEIRA. OBRIGAS DO BENEFICIARIO

A Asociación comprométese a destinar a subvención ao desenvolvemento da actividade descrita e está obrigada a destacar en lugar preeminente a colaboración económica do Concello de Vilaboa, tanto nos libros, folletos, carteis, informacións, material e documentación en xeral, así como nos anuncios de difusión da actividade.

A Asociación ten a condición de organizadora e promotora exclusiva da

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Email: info@vilaboa.org



Concello de Vilaboa

actividade subvencionada, limitándose a colaboración do Concello á achega da subvención comprometida. Esta administración está eximida de calquera responsabilidade civil que poida derivarse da realización dos concertos.

O artigo 2 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), aprobado mediante Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RXLS) establece: "2. Se a normativa reguladora da subvención fíxase a achega pública como un importe certo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total, entenderase que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que superase o custo total da actividade".

CUARTA. POSIBILIDADE DE ANTICIPO

Non cabe neste convenio posibilidade de anticipo.

QUINTA. COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONS

Para o seguimento das actuacións previstas e a solución de calquera controversia que xurda en canto á interpretación dos termos deste convenio, constitúese unha Comisión de Seguimento integrada polo alcalde ou concelleiro/a no/a que delegue e persoa que ostente a presidencia da asociación.

No exercicio das funcións de fiscalización e control do destino dos fondos públicos a entidade beneficiaria facilitará canta información lle sexa requirida polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia. Neste senso, a súa actuación estará sometida á esixencia de responsabilidade contable nos termos e co alcance que determine, no

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Email: info@vilaboa.org



Concello de Vilaboa

seu caso, o axuizamento dos anteriores órganos.

SEXTA. GASTO SUBVENCIONABLE

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación.

O IVE soportado, que deberá constar separado, será subvencionable cando o beneficiario non poida deducilo, recuperalo ou compensalo.

Os custes indirectos imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que estean relacionados de maneira inusitada e se realicen no período en que se desenvolva a actividade.

SÉTIMA. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIONS

A realización da actividade e a xustificación da subvención terán que realizarse no ano 2025.

O procedemento rematará coa aprobación da conta xustificativa da subvención, que presentará a entidade beneficiaria na sede electrónica do concello de Vilaboa (www.vilaboa.sedelectronica.es).

En todo caso, a data máxima para presentar esa xustificación será o 15.12.2025. No caso de incumprimento do calendario das actividades acordadas e a súa xustificación ou a extinción do convenio por causa distinta á expiración polo período de vixencia, tal e como establecen os artigos 50 e seguintes da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e os artigos 199.f) e g) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, minorarase proporcionalmente a cantidade a percibir pola Asociación.

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Email: info@vilaboa.org



Concello de Vilaboa

O tipo de xustificación será conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto adaptados ao disposto neste convenio.

Presentarase a seguinte documentación:

- Memoria detallada das actividades subvencionadas que deberá estar asinada.
- Xustificación documental do gasto que acredite o financiamento da actividade polo Concello de Vilaboa (folletos, dípticos, carteis..)
- Certificacións acreditativas de estar ao corrente coas facendas estatal, autonómica, local e de Seguridade Social.
- Relación desagregada de todos os gastos (con indicación das facturas, ou dos documento xustificativos dos gastos).
- Declaración doutras subvencións recibidas para o mesmo fin e contía das mesmas, que en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou outros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario.
- Documentación xustificativa da subscrición do seguro de responsabilidade civil tal e como establece o artigo 8 da Lei 10/2017.
- Declaración xurada do beneficiario que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes, foron aplicadas á actividade subvencionada.

As facturas xustificativas da subvención deberán cumprir os requisitos



Concello de Vilaboa

establecidos no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real Decreto 1619/2012, estarán datadas no período subvencionable e conterán o selo de pagado ou xustificación documental que acredite o seu pago.

Así mesmo, segundo a Lei 11/2021 de 29 de outubro, non poderán pagarse en efectivo as operacións de importe igual ou superior a 500,00 €, polo que o pagamento destas operacións acreditarase co correspondente xustificante de transferencia bancaria.

O Concello xestionará o pagamento á beneficiaria polo importe da subvención outorgada ou resultante trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa.

OITAVA. VIXENCIA

Este convenio de colaboración entrará en vigor no intre da súa sinatura e terá unha vixencia limitada ao prazo establecido no punto 2. As actividades e xustificacións de gastos terán que referirse ao ano como período completo. O procedemento rematará coa resolución que aprobe a xustificación da subvención do Concello.

Serán causas de extinción deste Convenio a realización do seu obxecto, a inviabilidade da realización da actuación pretendida por causas non imputables ás partes, así como o incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas, mediando neste caso denuncia previa das partes asinantes.

E estando ámbalas partes de acordo co contido deste documento, asínanos na data que consta na sinatura dixital.

77410544L

LETICIA CRESPO

(R: G36578722)

Firmado digitalmente
por 77410544L LETICIA
CRESPO (R: G36578722)

Fecha: 2025.11.24

17:03:52 +01'00'

Concello de Vilaboa

